



O Concello de Portomarín precisa cubrir, con carácter temporal, un posto de traballo na categoría profesional de **AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO**, facendo uso da Bolsa de Emprego dispoñible nesta entidade (B.O.P. 19 de agosto de 2009).

Os requisitos que deberán cumprir as persoas aspirantes ó posto son os seguintes:

- Ter nacionalidade española, dun dos estados membros da Unión Europea ou dalgún dos estados nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Posee-la capacidade funcional para o desempeño das tarefas asociadas ó posto de traballo, é decir, non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico incompatible co desempeño das funcións inherentes ó posto¹.
- Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- Atoparse en situación de alta como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, non considerándose a demanda de mellora de emprego como tal.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. Os/as aspirantes con nacionalidade non española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.
- Estar en posesión do Graduado Educación Secundaria, Graduado Escolar, FPI, ou Titulación Equivalente²; ou estar en condicións de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- Haber cursado algún curso específico, debidamente acreditado, para o desempeño das funcións propias relacionadas co posto, impartido por centros homologados ou, no seu defecto, acreditar mediante contratos de traballo ou certificado de empresa haber traballado polo menos un ano na categoría de auxiliar de axuda a domicilio.
- Estar en posesión do permiso de circulación B e ter dispoñibilidade de vehículo.

Inicio do contrato: 23/09/2011.

Fin contrato: Data alta laboral e incorporación ao seu posto de traballo de D^a M^a Teresa Rivas Mejuto (traballadora SAF).

Tipo de xornada: Completa.

Desde esta entidade procederase a convocar as persoas interesadas segundo o estipulado na normativa da Bolsa de Emprego de Portomarín.

Unha vez efectuada a baremación das persoas anotadas na Bolsa de Emprego que cumpren os requisitos esixidos obtense a seguinte puntuación:

APELIDOS	NOME	PUNTUACIÓN	SITUACIÓN
Rivas Varela	Natalia	2,90	Non dispoñibilidade (Activa)
López Vázquez	Mirian	2,68	Dispoñibilidade
Merodio Vázquez	Mónica	2,22	Non dispoñibilidade (Neste intre carece dispoñ. vehículo – requisito h.)
Sánchez Rodríguez	M ^a Pilar	1,50	Non dispoñibilidade (Activa)
García López	Avelina	0,80	Non dispoñibilidade (Activa)

As persoas interesadas disporán de tres días hábiles contados desde a data desta publicación no Taboleiro de Edictos do Concello de Portomarín e na páxina web de dita entidade para presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Portomarín, a 22 de setembro de 2011.

O Alcalde,

Asdo. Juan Carlos Serrano López.

¹ As persoas con minusvalía serán admitidas en igualdade de condicións que os demais aspirantes, sen que se establezan excepcións por limitacións físicas, psíquicas ou sensoriais agás que estas incapaciten para o bon desenvolvemento das tarefas propias do posto ofertado.

² As titulacións equivalentes recollense na *Ley Orgánica 2/2006*, de 3 de maio de Educación (BOE, 04 de maio de 2006), no R.D. 777/1998, de 30 de abril, polo que se desenrolan determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo (BOE, 08 de maio de 1988) e no R.D. 986/1991, de 14 de xuño, polo que se aproba o calendario de aplicación da LOGSE (BOE, 25 de xuño de 1991).